

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) PARA A REHABILITACIÓN FISIOTERAPÉUTICA NAS ENFERMEDADES RARAS E NEURODEXENERATIVAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 1 de xullo de 2022 coa entidade FEGEREC o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2022.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio, "prestar atención fisioterapéutica a persoas que padezan unha enfermidade rara ou pendentes de diagnóstico no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Os obxectivos son os seguintes: Favorecer o acceso de persoas que padecen unha enfermidade rara e que residen na comunidade autónoma de Galicia a rehabilitación fisioterápica de forma sostible a través de profesionais con experiencia e coñecemento específico en estas doenzas; dotar de información relacionada co ámbito da fisioterapia ás persoas que padecen unha enfermidade rara e/ou crónica e as súas familias sobre a patoloxía e os seus síntomas e técnicas para o seu tratamento; actuar na prevención de problemáticas afines, como alteracións circulatorias e tróficas, complicacións respiratorias, alteracións muscoesqueléticas e ortopédicas, etc; acadar que as persoas afectadas logren no posible unha máxima capacidade funcional e independencia nas actividades da vida diaria (AVD), logrando así incrementar a súa calidade de vida e a das súas familias; manter/mellorar a calidade de vida do paciente; promover traballo integral cos diferentes profesionais que interveñen no tratamento; favorecer adhesión ao tratamento".

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que ámbalas dúas partes asinantes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento dun programa que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a situación de saúde e calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas, no ámbito de actuación de FEGEREC.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

